

A FESTA DA ISTORIA DE RIBADAVIA

THE RIBADAVIA HISTORY FESTIVAL

Anselmo López Carreira

Doutor en historia

Resumo: De entre os abundantes eventos historicistas que se celebran en Galicia, a Festa da Istoria de Ribadavia ten un carácter sobranceiro, pola súa antigüidade e consolidación, e polo recoñecido éxito de participación. Porén, a base histórica á que remite, a Idade Media, e sobre todo a pertenza do seu contido ao patrimonio cultural xudeu constitúen unha desviación non exenta de intención política.

Abstract: Among the many historicist events held in Galicia, the Ribadavia History Festival stands out due to its longevity and reputation, and its established level of successful participation. However, the historical basis to which it refers, the Middle Ages, and above all the relationship between its content and Jewish cultural heritage, constitutes a deviation not devoid of political intent.

Palabras chave: eventos historicistas, base histórica, patrimonio cultural, xudeu, intención política, Festa da Istoria, Ribadavia.

Key words: historicist events, historical basis, cultural heritage, Jews, political intention, History Festival, Ribadavia.

A FESTA DA ISTORIA

Na derradeira semana do mes de agosto véñse celebrando en Ribadavia desde 1989 (no seu formato actual) a popular Festa da Istoria, organizada por unha fundación específica e declarada de interese turístico nacional. Trátase dun evento lúdico e cultural no que a gastronomía, a música e as danzas, os torneos e representacións diversas propoñen a recreación da época medieval nos diversos actos e na reprodución de armas e obxectos de uso cotián, no vestuario dos participantes e mesmo na moeda en curso, o marabedí, na que se realizan todas as transaccións.

Tal propósito historicista ampárase na convicción de remontar as orixes da Festa a aquel período, na forma dunha pantomima herdeira da tradición cultural xudía, e que no momento da expulsión desa comunidade en 1492, lonxe de extinguirse con ela, se integraría no ámbito cristián dentro do contexto xeral das Festas do Portal, subsistindo ata a súa supresión na revolución liberal de 1868.

Porén, a mención máis antiga que posuímos remonta a un texto, denominado *Extracto*, do ano 1781. A temática da primitiva Istoria tal como se rexistra no s. XVIII consistía na escenificación dunha pasaxe bíblica do Antigo Testamento e, polo tanto, tiña a mesma conexión co mundo xudeu que todo o contido da *Biblia*, ofrecendo unha lectura completamente inscrita na tradición cristiá. A transmisión dun marcado elemento cultural desde o xudaísmo ao cristianismo, atribuíble a conversos, precisamente no período da expulsión e ao longo da subseguinte actuación inquisitorial, tan rigorosa con calquera sospeita de herexía, maiormente a xudaizante, é unha especulación sen fundamento, debida á desmesurada proporción erroneamente atribuída á comunidade xudía de Ribadavia (e ás de toda Galicia) e á curiosa reclamación dun pasado xudeu que semellaba conferirlle á poboación un selo de personalidade e destaque histórico, posta en circulación a principios do século XX tanto en Ribadavia (por obra de Leopoldo Meruéndano) coma na veciña cidade de Ourense (por Benito Fernández Alonso), malia nesa altura aínda conservar, masivamente e na xeneralidade dos extractos sociais, unha forte carga negativa todo o referente aos xudeus, culpados de crimes e defectos, e cuxo simple nome servía de insulto. Mais todo iso pasábase por alto na procura dun pasado orixinal e mitificado.

FESTAS HISTORICISTAS

A referencia a un distante e, por veces, pretendido arraigo popular dunha variada gama de festas que fundamentan o seus alicerces nalgún episodio histórico (real ou ficticio) ten proliferado con éxito desde finais do pasado século, cunha notable ampliación do seu repertorio, cubrindo un espectro cronolóxico tan extenso como a mesma historia do país: desde o Arde Lucus de Lugo (tal vez hoxe a de maior capacidade de convocatoria de Galicia), pasando pola Romaría Viquinga de Catoira, ou a que no seu día ofrecía o chusco título de *Medieval y del Siglo de Oro* da Coruña, ata a Reconquista de Vigo (contra a ocupación napoleónica). Non incluímos neste apartado algunha outra, como por exemplo a Festa do Monte da Guarda, que nos levaría ata a época castrexa, xa que tendo esta, desde logo, interpretación histórica e sobrada base arqueolóxica, non ten, en cambio, pretensión historicista.

O recurso a contextualizar bo número destes eventos na Idade Media (adoptada como un conxunto cronolóxico uniforme) deberase en parte á visión romántica e ao exotismo que desde hai tempo a acompaña, máis tamén a certa consciencia ou intuición da orixe medieval do fenómeno urbano europeo, cando nacen as nosas poboacións actuais, do que permanece unha viva e cotiá memoria no actual trazado urbanístico dos cascos históricos, moi a xeito para a instalación dos mercados, postos de comidas, celebración de actos ou tranquilo pasear sen máis molestia de tráfico que os propios transeúntes, recreándose con facilidade nese marco bastante ben conservado un aceptable ambiente de época, polo menos orixinal no seu rúeiro.

A directa implicación dos veciños e veciñas, ataviados para a ocasión e mesmo xa organizados con moita antelación para a confección da vestimenta e organización de desfiles, unida á multitudinaria concorrencia de visitantes foráneos, transforma o ritmo vital do lugar en cuestión, coa gran repercusión económica que iso supón para moitos pequenos negocios, particularmente na hostalaría.

De entre todos estes eventos, a Festa da Istoría de Ribadavia ostenta un innegable posto de vangarda, pois debe ser a primeira deste tipo que se implantou (en 1989), mantendo desde aquela un éxito recoñecido. Esta recuperación, a fin de contas recente e mediante unha fonda reconstrución de contido, así como a quebra dunha continuada tradición popular desde a supresión de 1868 ata finais do século pasado, non contradín a referencia a unha celebración antiga nin o valor que como fonte histórica lle acrecenta a mención no citado documento de 1781.

XUDEUS EN RIBADAVIA

A afirmación da existencia dunha numerosa comunidade xudía en Ribadavia —que levou en tempos recentes a sinalar como *barrio xudeu* nin máis nin menos que todo o centro histórico da vila— débese ao historiador local Leopoldo Meruéndano, exposta en senllas publicacións: “El fuero municipal de Ribadavia”, aparecida no *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense* en 1909, e *Los judíos de Ribadavia*, en 1915. Considera o autor “cosa fuera de toda duda ... un hecho indudable” a presenza dunha numerosa poboación hebrea desde tempos antigos (polo menos xa desde o s. XII), do que quedarían “perdurables recuerdos”, malia el mesmo recoñecer que no foro municipal de 1164 non se fai mención diso, atribuíndoo el precisamente a unha evidencia tan notoria que o faría innecesario, e que ademais demostraría a boa veciñanza entre ambas as relixións, descartando calquera discriminación.

De ser crible a valoración de mil quiñentas persoas con que dito autor chega a cuantificar o volume demográfico da comunidade xudía ribadaviense no século XIV, este sería desde logo moi elevado, pois segundo unha hipotética aproximación que poidamos facer da poboación total de Ribadavia naquela altura, tal número suporía a metade da poboación, cousa imposible. De feito, xa outro historiador local, coetáneo seu, Samuel Eiján, puña en dúbida (1920) as aventuradas hipóteses de Meruéndano.

Mais a cifra non é pura invención. Débese á errónea tradución do coñecido texto do cronista Jean Froissart, redactado no s. XV, no que se le que

et en y ot cejour occis ungs et autres, parmy les Juifs dont il y avoit assés, plus de quinze cens. Ainsi fut la ville de Ribedave gaignée à force et eurent ceulx qui y entrèrent grant butin d’or et d’argent, ès maisons des Juifs par espécial.

É dicir, que no asalto da vila perpetrado en 1370 polas tropas inglesas do duque de Lancaster (Kervyn 1867-1877, t. 12, p. 86) morreron en total mil quiñentas persoas, entre elas moitos xudeus, que o cronista certamente considera abundantes, mais sen perdermos nós de vista que Froissart extraía a súa información a través de terceiros, pois el non foi testemuña directa.

PATRIMONIO ACTUAL

En consecuencia, cal é en realidade o patrimonio que hoxe queda da comunidade xudía existente na Ribadavia medieval?

Sabemos que houbo tal comunidade e que tivo sinagoga, mais nada queda desta nin do ineludible cemiterio. A sinagoga, que noutros casos os documentos denominan *casa de oración dos xudeus*, debía ser iso, unha pequena casa, do mesmo tamaño das colindantes, seguramente sen ningún elemento arquitectónico nin ornamental de destaque, que en todo caso nada deixou visible salvo talvez o seu emprazamento nunha rúa próxima ao castelo e á Porta Nova da muralla. Igual que acontecía noutras cidades galegas, non chegaba a haber *barrio xudeu*, senón simplemente unha rúa onde preferentemente se concentraban os xudeus, obrigados a facelo en 1484, mais non sendo eles os únicos veciños dela.

É ínfimo o número de personaxes xudeus que podemos situar en Ribadavia, e algún deles circunstancialmente. Cónstanos un médico (*físico*) chamado Salomón, mais isto é todo o que sabemos del.

Abraán de León, cun bo rastro documental, era administrador de Diego Pérez Sarmento, conde de Santa Marta, e nada nos asegura que tivese residencia fixa en Ribadavia. Con el debeuse extinguir esa liña de transmisión xudía, pois un sobriño seu do que temos noticia, Xoán Fernández, xa levaba nome cristián.

Outro tanto acontece con Iudá Pérez, procurador do adiantado de Galicia, Bernardino Pérez Sarmento. Un fillo seu, Diego López, obviamente era tamén converso. Ademais, el mesmo fora previamente veciño de Ourense, de onde se trasladou a Ribadavia a raíz do citado decreto de 1484 que o obrigaría, contra a súa vontade, a domiciliarse na rúa Nova desa cidade. O seu irmán Mosé Pérez fixo a mesma operación de mudanza desde Ourense, onde antes residía.

Aínda sendo, como se ve, tan reducido e inseguro o patrimonio material que se conserva da presenza xudía, Meruéndano non dubida en asignarlle a autoría da *Istoria*, supoñéndoa unha reminiscencia inmaterial que representaría de maneira “evidente un hecho de la historia del pueblo hebreo que delata, por su fondo y por su forma, que es de origen judaico”, pertencente ao repertorio das súas propias festas e conservada logo dentro do ámbito cristián.

XUDERÍAS GALEGAS

O modesto tamaño do conxunto das xuderías galegas, aínda estando organizadas ao redor das súas propias sinagogas, ponse de manifesto no monto da tributación á Coroa que lles correspondía, que en 1464 se reducía á cantidade de 2 000 marabedís, pagados mancomunadamente polas comunidades de Ribadavia, Monforte de Lemos e Ourense, cando esa mesma cantidade recaía en solitario en Astorga e en Ponferrada ascendía a 4 600, e sen necesidade de procedermos a desproporcionadas comparacións con Toledo ou coas cidades andaluzas.

Cálculos feitos a partir da rica documentación demográfica da cidade de Ourense no século xv, coa que Ribadavia mantiña fluída relación, lévanos a considerar que a mediados desa centuria (momento a partir do cal o seu volume vai decrecendo paulatinamente ata 1492) o número de familias xudías non iría máis alá de dez, ou sexa, ao redor de medio centenar de membros, cando a cidade roldaría os catro mil habitantes, tal vez o dobre de Ribadavia. Na rúa Nova ourensá, onde se concentraban a maior parte dos xudeus e por forza o farán todos desde 1484, estes só representaban o 15% dos veciños, aínda sendo xustamente nesa rúa onde estaba a sinagoga.

É moi dubidoso que a poboación xudía de Ribadavia superase esas cifras; en todo caso non temos elementos para calculalo.

A RED DE JUDERÍAS DE ESPAÑA

En 1995 constituíase, co patrocinio da embaixada israelí, a Red de Juderías de España, co obxectivo de preservar “o legado histórico, arquitectónico, artístico e cultural” producido por esa comunidade ata o decreto de expulsión de 1492. Entre as localidades fundadoras, xunto con xuderías verdadeiramente importantes, ben documentadas e cunha achega cultural e artística notoria, figura tamén a de Ribadavia. Despois adheríronse Monforte de Lemos en 2001 e Tui en 2019. Desas tres xuderías (que aínda sendo pequenas, sen dúbida existiron) non resta ningún rastro material arquitectónico, artístico nin cultural, e o concepto de *legado histórico* é tan polivalente que efectivamente pode admitir simples mencións documentais carentes de contexto.

Sen poñermos en cuestión o valor lúdico e económico, e mesmo o mérito cultural dos eventos historicistas, e entre eles o da Festa da Istoría, a desviación que neste caso se produce do seu sentido orixinal, magnificando o pretendido elemento xudeu ata convertela nun legado cultural seu, non pode disimular o obxectivo propagandístico e político que contén.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Eiján, Samuel (1920). *Historia de Ribadavia y sus alrededores*. Madrid.
- Kervyn de Lettenhove, Joseph (1867-1877). *Les Chroniques de Jean Froissart*. Osnabrück.
- Meruéndano Arias, Leopoldo (1909). El fuero municipal de Ribadavia. *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*. 3 (66), 314-327.
- Meruéndano Arias, Leopoldo (1915). *Los judíos de Ribadavia*. Ribadavia: Imp. El Ribadaviense.